

## ANEXO IX: XUSTIFICACIÓN DE PREZOS

## 1. INTRODUCCIÓN

En cumprimento do artigo 1º da Orde de 12 de xuño de 1.968 (B.O.E. de 25.7.68) redáctase o presente Anexo.

## 2. BASES DE PRECIOS

Para a obtención dos prezos seguiuuse o prescrito no artigo 67 do Regulamento Xeral de Contratación do Estado e nos artigos 9 e 13 da mencionada Orde de 12 de xuño de 1.968.

$$K = K1 + K2$$

K2, relativo a imprevistos fíxase no 1% de acordo co artigo 12 desa Orde.

K1 obtense como porcentaxe dos custos indirectos respecto dos directos.

$K1, \text{costes indirectos} \times 100 / \text{costes directos}.$

Por tratarse dunha obra terrestre, e de acordo coa experiencia de obras similares, adóptase  $K1=0,04$ , co que resulta:

$$K=1+4=5\%$$

## 3. MAN DE OBRA

O custe da man de obra obtense mediante a aplicación da fórmula:

$$C = 1,4 A + B$$

de acordo coa Orde Ministerial de 21 de maio de 1979 na que:

C= en €/hora expresa o custe para a empresa.

A= en €/hora é a retribución total do traballador que ten carácter salarial exclusivamente.

B= en €/hora , é a retribución total do traballador de carácter non salarial.

Por aplicación do dito e de acordo co convenio colectivo vixente, resultan os prezos que se achegan.

## 4. COSTE DA MAQUINARIA E DOS MATERIAIS A PÉ DE OBRA

O estudo e fixación dos custos da maquinaria e dos materiais a pé de obra fíxose en base ao "Normal para el el cálculo de Maquinaria y útiles" do POPT. Contrastando os resultados cos prezos habituais de mercado na zona.